



## Obxectivos:

- Realizar programas preventivos e/ou asistenciais de saúde bucodental gratuitos a persoas e familias con recursos limitados.
- Promover a investigación en materia de saúde bucodental.
- Organizar cursos, conferencias, encontros e xornadas para o fomento e a divulgación de estudos en materia de saúde bucodental.
- Fomentar a formación de alumnos mediante bolsas de estudo, convenios con universidades, colexios, asociacións profesionais e sociedades científicas.



## Realizar programas preventivos e/ou asistenciais de saúde bucodental gratuitos a persoas con recursos limitados:

A Fundación realizará, de forma totalmente gratuita en nenos e por unha cantidade simbólica de 10€ en adultos, aqueles tratamentos que consideramos básicos ou necesarios e que a Seguridade Social non cubre, que principalmente serán:

- Odontoloxía xeral: Empastes, endodoncias, hixienes, información sobre hixiene oral e prevención bucodental.
- Periodoncia: Curetaxes e cirurxías para tratar enfermidades periodontais.
- Cirurxía oral.
- Ortodoncia (estudarse en función de cada caso).
- Prótese removible.
- Exodoncias con sedación con óxido nítrico.
- Diagnósticos e probas radiolóxicas necesarias para o tratamento do paciente.

As nosas accións **en ningún caso pretenden substituír o Sistema Público de Sanidade nin o privado** na prestación de servizos, senón fomentar a súa utilización.

**Non se atenderán urxencias** nin tratamentos exclusivamente por motivos estéticos.

No caso de similares condicións de necesidade, a Fundación atenderá prioritariamente aos beneficiarios máis afectados pola exclusión social e/ou económica e aqueles cos que resulte máis viable o proxecto; ademais, a selección realizarase sempre por orde de solicitude e até cubrir unha cota en función das necesidades e do tratamento requirido.

En casos complexos nos que sexa necesario realizar outro tipo de tratamentos máis extensos, cada caso será estudado individualmente.

## REQUISITOS QUE DEBERÁN CUMPRIR OS BENEFICIARIOS

- 1º Deberán estar empadroados en cualquera municipio de Galicia, cunha antigüidade superior a un ano.
- 2º Non dispoñer de recursos económicos suficientes para poder afrontar o tratamento.
- 3º Pertencer a algún dos seguintes colectivos:
  - Persoas en risco de exclusión social.
  - Desempregados/-as de longa duración.
  - Familias numerosas.
  - Mulleres maltratadas.
  - Orfos/-as.
  - Ter unha minusvalía psíquica e/ou física.
  - Ter unha síndrome ou enfermidade dexenerativa.
  - Ter unha síndrome ou enfermidade de baixa incidencia.

## PROCEDEMENTO

Os beneficios da Fundación serán outorgados polo Patronato con criterios de imparcialidade e non discriminación ás persoas que, reunindo as condicións sinaladas, se considere seren merecedoras dos mesmos, e dentro sempre das posibilidades económicas da Fundación.

Unha vez designados, procederase a unha primeira avaliación do paciente para así poder establecer un diagnóstico, plan de tratamento e orde de prioridade.

No caso de similares condicións de necesidade, a Fundación atenderá prioritariamente os beneficiarios máis afectados pola exclusión social e/ou económica e aqueles cos que resulte máis viable o proxecto; ademais, a selección realizarase sempre por orde de solicitude e até cubrir unha cota en función das necesidades e do tratamento requirido.

En casos complexos nos que sexa necesario realizar outro tipo de tratamentos máis extensos, cada caso será estudado individualmente.

Naqueles casos nos que sexa necesaria unha sedación con anestesista debido a problemas médicos xa existentes, o importe terá que ser aboado por parte do paciente.

Actualmente estamos a procurar colaboradores anestesistas para que non haxa sobrecustes neste aspecto.

Todos os tratamentos son realizados por profesionais que traballan de forma voluntaria e gratuita.